

Código do curso	LIN-25-015
Denominación	COMUNICACIÓN ESTRATÉXICA INSTITUCIONAL
Persoas destinatarias	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
Número de horas	30
Datas	Do 12/05/2025 ao 30/06/2025
Metodoloxía	Teórica
Obxectivos	• Facilitar a comunicación local tanto na súa vertente interna coma externa • Xerar confianza e credibilidade na xestión pública a través da transparencia e da eficacia na comunicación coa cidadanía • Proporcionarlles información clara e oportuna aos diferentes públicos cos que se relacionan as entidades públicas, de maneira que estes poidan coñecer as políticas públicas e os servizos que se ofrecen • Fortalecer a imaxe da organización á que pertencen as e os servidores públicos, coa finalidade de xerar un vínculo máis próximo coa cidadanía
Contido	• Fundamentos da comunicación estratéxica: conceptos básicos, obxectivos e beneficios da comunicación estratéxica institucional no ámbito público • Ferramentas para planificar a comunicación estratéxica: análise do público obxectivo, identificación das canles de comunicación, deseño e execución de plans estratéxicos de comunicación • Claves na comunicación: a empatía, a arte de facer preguntas, a escoita activa, a asertividade e a retroalimentación. • Comunicación interna: importancia e vantaxes da comunicación interna para a xestión pública, canles de comunicación interna, accións para mellorar o clima laboral e a calidade de vida das e dos empregados públicos. • Comunicación externa: estratexias para dar a coñecer as políticas públicas e os servizos que se ofrecen, como garantir a transparencia na xestión pública e fomentar a participación cidadá.

	• Comunicación interna fronte a comunicación externa. • Medición e avaliación da comunicación estratéxica: ferramentas e técnicas para medir e avaliar a efectividade da comunicación estratéxica institucional, como utilizar os resultados da avaliación para mellorar a xestión pública.
--	---